

## O Atlantic Pride 2024 completa o cartel da súa quinta edición con Nena Daconte, Shego, Morreo e Raúl, entre outras figuras

Selena Leo, Eris MacKenzie e Filloas súmanse, tamén, ao programa do 'Orgullo do Norte', que celebrará a súa quinta edición do 7 ao 14 de xullo na Coruña impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña, co apoio da Deputación da Coruña e o patrocinio principal de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic

Como novidade neste 2024, nacen as Afterpaties do Atlantic Pride, para que o público poida continuar a festa en salas seleccionadas da cidade unha vez rematados os concertos do festival

O dj's encargados das pinchadas durante as oito xornadas do Atlantic Pride neste 2024 serán EME DJ, S.Alma, La Suprema, D-Lemma, DJ90, DJ Licho, Roi Porto, La Eterna e DJ Flashback

Na páxina web [www.atlanticpride.es](http://www.atlanticpride.es) é posible consultar o programa por días desta quinta edición do encontro, un evento pioneiro, gratuíto e inclusivo, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva

**ATLANTIC PRIDE**

**07** domingo  
Fundación Luis Seoane

**ERIS MACKENZIE  
SUPREME DE LUXE  
EME DJ**

**08** luns  
Praza de Pontevedra

**O RABELO E NENAZA  
MEIGA-I  
MORREO  
S.ALMA**

**09** martes  
Praza de Pontevedra

**FILLOAS  
CLOE SAVAGE  
LONTREIRA  
LA SUPREMA**

**10** mércores  
Praza de Pontevedra

**CATUXA SALOM  
NOMI BULL  
SHEGO  
D-LEMMA**

**11** xoves  
Xardíns de Méndez Núñez

**AMOBO  
SELENA LEO  
VENGABOYS  
DJ90**

**12** venres  
Xardíns de Méndez Núñez

**DJ LICHO  
SILA LUA  
NENA DACONTE  
LUNA KI  
ROI PORTO**

**13** sábado  
Xardíns de Méndez Núñez

**MONDRA  
NEBULOSSA  
CHANEL  
LA ETERNA**

**14** domingo  
Xardíns de Méndez Núñez

**CORO "CORES"  
LUCÍA PÉREZ  
LAS KETCHUP  
RAÚL  
ROSA LÓPEZ  
DJ FLASHBACK**

**O ORGULLO DO NORTE**

[www.atlanticpride.es](http://www.atlanticpride.es)

A CORUÑA, DO 7 AO 14 DE XULLO DE 2024

**A Coruña, 13 de xuño de 2024.-** Nena Daconte, Shego, Morreo, Raúl, Selena Leo, Eris MacKenzie e Filloas súmanse ao cartel da quinta edición do Atlantic Pride. Así o presentaron esta mañá en rolda de prensa no Pazo de María Pita a alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e os directores do Atlantic Pride, Iván Cervo, César Pérez e Luís Pazos, que estiveron acompañados polo responsable de patrocinios musicais de Estrella Galicia, Juan Martínez Inchausti, e as representantes das empresas patrocinadoras do evento Coruña The Style Outlets -Ainhoa Paz, xerente- e Globalgrafic -Judith Rama, xerente-.

Entre o **7 e o 14 de xullo**, A Coruña volverá ser a sede do '**Orgullo do Norte**' para celebrar a quinta edición do Atlantic Pride. Neste 2024, o festival propón oito xornadas de música e celebración ao redor da diversidade sexo-afectiva e de identidade na que promete ser, novamente, nunha das citas imprescindibles do verán no noroeste peninsular. O festival está impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña, co apoio da Deputación da Coruña e o patrocinio principal de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic.

No acto de presentación celebrado esta mañá, o director do **Atlantic Pride** Iván Cervo fixo un repaso das novidades que lle agardan ao público nesta quinta edición do encontro e desvelou, tamén, o seu programa por días, que pódese consultar na web do festival: [www.atlanticpride.es](http://www.atlanticpride.es).

A diversión e autenticidade chegarán ao festival coa mestura de tradición, electrónica e verbena do produtor e músico **Eris MacKenzie** -o domingo 7 de xullo, na Fundación Luis Seoane- e da man do pop urbano en galego de **Filloas** -o martes 9 de xullo na Praza de Pontevedra-.

Pola súa banda, **Morreo** destilará hedonismo e xuventude sobre o escenario do Atlantic Pride o luns 8 de xullo na Praza de Pontevedra, para presentar o seu catálogo sinestésico de pop iberoamericano corido e luminoso, cargado de baixos tropicais, referencias castizas e riffs de teclados cañís.

Tras percorrer nos últimos tempos os escenarios de grandes festivais como o BBK, o Sonorama, o Vida ou o Low, **Shego** aterrará no Atlantic Pride o mércores 10 de xullo para facer gala do seu hipnótico carisma xogando con xéneros diversos como o rock, o pop, o punk e o dance. Mentres, a integrante dun dos dúos máis icónicos dos anos 2000, **Selena Leo**, visitará o Atlantic Pride o xoves 11 de xullo, nos Xardíns de Méndez Núñez, disposta a que o público poida 'bailar toda a noite' coa súa fusión latina e a súa viaxe musical aos anos 90 e os 2000.

O venres 12 de xullo, **Nena Daconte** presentará en directo o seu último disco, *Casi Perfecto*, co que reivindica o seu pasado máis pop-rock en temas en torno ao amor, o desamor, a soidade e o paso do tempo. Finalmente, **Raúl**, gañador do Premio Latino de Oro á súa traxectoria musical, ofrecerá na Coruña -o domingo 14 de xullo, nos Xardíns de Méndez Núñez- un directo no que non faltarán os seus grandes éxitos dos 2000, como *Sueño su boca*, *Baila* ou *Prohibida*.

Como novidade neste 2024, nacen as **Afterpaties do Atlantic Pride**, para que o público poida continuar a festa en salas seleccionadas da cidade unha vez rematados os concertos ao aire libre do festival. Moi pronto daranse a coñecer todos os detalles destas novas "sesións golfas" do festival.

Xunto aos novos nomes desvelados esta mañá -Nena Daconte, Shego, Morreo, Raúl, Selena Leo, Eris MacKenzie e Filloas-, no Atlantic Pride 2024 está tamén confirmada a presenza das estrelas eurovisivas **Nebulossa**, **Rosa López**, **Las Ketchup** e **Lucía Pérez**, xunto a figuras que pisan forte na nova escena galega, como **Mondra**, **Sila Lúa**, **O Rabelo** e **Nenaza**, **Catuxa Salom**, **Lontreira** e

**Amoebo.** Na festa deste 'Orgullo do Norte' non faltarán, tampouco, as voces de grandes divas como **Chanel, Luna Ki** e **Supremme de Luxe**, ademais das drags **Nomi Bull, Cloe Savage** e **Meiga-I**.

O grupo **Vengaboys** será o encargado de poñer o acento internacional a este Atlantic Pride 2024, mentres que as pinchadas correrán a cargo dos dj's **EME DJ, S.Alma, La Suprema, D-Lemma, DJ90, DJ Licho, Roi Porto, La Eterna** e **DJ Flashback**. O festival contará, tamén, coa actuación especial do **Coro "Cores"**. Na páxina web oficial [www.atlanticpride.es](http://www.atlanticpride.es) é posible consultar todos os detalles e a información práctica desta quinta edición do festival.

## **PROGRAMA POR DÍAS DO ATLANTIC PRIDE 2024**

### **Domingo, 7 de xullo**

*Fundación Luis Seoane*

(20.00 a 00.00h)

Eris MacKenzie

Supremme Deluxe

EME DJ

### **Luns, 8 de xullo**

*Praza de Pontevedra*

(20.00 a 00.30h)

O Rabelo e Nenaza

Meiga-I

Morreo

S.Alma

### **Martes, 9 de xullo**

*Praza de Pontevedra*

(20.00 a 00.30h)

Filloas

Cloe Savage

Lontreira

La Suprema

### **Mércores, 10 de xullo**

*Praza de Pontevedra*

(20.00 a 00.30h)

Catuxa Salom

Nomi Bull

Shego

D-Lemma

**Xoves, 11 de xullo**

*Xardíns de Méndez Núñez*

(20.00 a 01.20h)

Amoebo

Selena Leo

Vengaboys

DJ 90

**Venres, 12 de xullo**

*Xardíns de Méndez Núñez*

(20.30 a 02.20h)

Dj Licho

Sila Lua

Nena Daconte

Luna Ki

Roi Porto

**Sábado, 13 de xullo**

*Xardíns de Méndez Núñez*

(20.30 a 02.20h)

Mondra

Nebulossa

Chanel

La Eterna

**Domingo, 14 de xullo**

*Xardíns de Méndez Núñez*

(20.30 a 00.20h)

Coro 'Cores'

Lucía Pérez

Las Ketchup

Raúl

Rosa López

DJ Flashback

**NOVOS NOMES CONFIRMADOS NO ATLANTIC PRIDE 2024**

**Eris MacKenzie**

Eris MacKenzie é o proxecto en solitario do produtor galego Carlos Eirís. A súa música é una viaxe ao interior, coa que calquera pode sentirse identificado. A través da electrónica máis pura, as muiñeiras, os alalás ou o mambo, o artista narra as experiencias que lle marcaron. Das máis felices ao problemas mentais. Eris MacKenzie chegará ao Atlantic Pride disposto a mover tarimas cunha proposta chea de frescura que mestura tradición, electrónica e verbena.

### **Filloas**

Filloas é un artista de pop urbano en galego que che ven a traer unha música coa que non parará de bailar e moverte. O seu estilo basease na autenticidade das letras, que se mesturan con ritmos clásicos como o punk e outros máis modernos como o hyperpop ou o trap. A súa música é un reflexo da súa vida e das súas experiencias e sentimentos máis profundos, pero sempre buscando o sorriso e transmitindo unha mensaxe positiva. O seu son as letras persoais e xeracionais e as referencias á cultura pop e internet. O seu directo promete música actual, auténtica e divertida en galego.

### **Morreo**

Morreo iniciaban a súa andaina musical e sentimental en 2019 tras coñecerse nunha cita de Tinder. En pandemia compuxeron os 11 temas de Fiesta Nacional, un debut co que se fixeron un oco en medios como El País, RTVE ou Jenesaispop e visitaron festivais como o Low ou o Contempopránea. Alzáronse co prestixioso Premio Rock Villa de Madrid e foron seleccionados para actuar na canle de YouTube dos Grammy.

Con dous discos ás súas costas, pódese dicir que Morreo reinventouse co seu novo álbum, *Alegría* (2023), un despertar da xuventude e o hedonismo, cargado de baixos tropicais, referencias castizas e riffs de teclados cañís. Pero, tamén, sons lo-fi románticos, rumbas disco, *samples* e letras cheas de costumismo e alegría. Un catálogo de pop iberoamericano corido e luminoso.

### **Shego**

Premio MIN á mellor artista emerxente 2023, Shego (Maite, Raquel e Charlotte) xurde da idea punk da creatividade máis primaria e atrevida. En xuño de 2021 lanza o seu primeiro EP, *Tantos chicos malos y tan poco tiempo*, onde as artistas amósanse cómodas no ecléctico e capaces de xugar con xéneros como o rock, o pop, o punk e o dance, sen necesidade de aferrarse a ninguén deles en concreto. Trala boa acollida deste primeiro traballo, Shego colaborou con figuras como Zahara e Natalia Lacunza e tocou en escenarios como o BBK, o Sonorama, o Vida ou o Low Festival. É nos seus directos onde se descubre o verdadeiro carisma da *troupe* e a súa enorme complicidade co público. En febreiro de 2023, Shego presenta o seu primeiro LP, *Suerte, chica*, co que pisan forte e continúan gozando da ambivalencia e a frescura.

### **Selena Leo**

Bailarina de rock acrobático, adestradora de *cheerleading*, coreógrafa, locutora, reporteira, bailarina e cantante, o currículo de Selena Leo está cheo de éxitos en diferentes ámbitos artísticos. Tras gañar o Campionato de España de Salsa e Merengue aos 18 anos, fórmase no Ballet Nacional de Cuba e comeza a traballar para artistas como Enrique Iglesias, Celia Cruz ou Ricky Martin. Aos 25 anos grava o seu primeiro disco co dúo Sonia e Selena, converténdose en toda unha icona a comezos dos 2000, da man de *hits* como *Yo quiero bailar*. En 2002 disólvese o grupo e Selena Leo continúa en solitario a súa carreira, publicando novos temas, como *Baila mi son* ou *Chaladura de amor*, e xirando con éxito por Estados Unidos e Latinoamérica.

Selena Leo foi a intérprete da canción oficial de *Gran Hermano* dous anos consecutivos. En 2011 reúne de novo con Sonia Mádoc para gravar o *remix* de *Yo quiero bailar*, como regalo para os seus fans dez anos despois do seu lanamento. Desde 2017, a artista percorre escenarios de toda a xeografía española en tours "remembers", en divertidas viaxes musicais aos anos 90 e os 2000. Nos últimos anos, publica novos traballos de fusión latina que amosan toda a súa esencia, como *Loca*, *Sigue mi ritmo* e *Sigue mi ritmo remix*, colabora cos dj's Dream Team (Quique Tejada, Jose Maria Castell e Toni Peret) e lanza *Yo quiero bailar 20 aniversario*. Con Selena Leo o público poderá bailar, sen dúbida, toda a noite!

### **Nena Daconte**

Mai recupera en *Casi Perfecto*, o seu sexto álbum de estudio, a esencia dos seus comezos: volve ao son e á estética dos seus primeiros discos, con dez novas cancións que xiran en torno ao amor, o desamor, a soidade e o paso do tempo. Son cancións compostas novamente por Mai, excepto *El verano*, que é unha adaptación dun poema do cantautor Marwan. Producidas todas elas por Dani Alcover, teñen un son pop rock dos 90. É *Casi perfecto...* como a vida, como o amor... Pero, quen quere ser perfecto?

Mai, Nena Daconte, medrou cos referentes musicais dos seus irmáns maiores: The Beatles, The Byrds, The Who, REM, Nacha Pop, Elvis Costello, Los Secretos... A música atrapouna. Máis tarde, na adolescencia, montou unha banda de pop rock coa que tocaba versións de Led Zeppelin, Radiohead ou The Cranberries, xunto con cancións propias por bares de Malasaña, en Madrid, como Al Lab'Oratorio. Tras participar na segunda edición do programa televisivo *Operación Triunfo*, fundou Nena Daconte, marca coa que autoeditou o seu primeiro disco e coa que coñeceu o éxito grazas a temas como *Idiota*, *En qué estrella estará* ou *Tenía tanto que darte*, compostos pola propia artista, en torno á idea da soidade, a obsesión pola búsqueda do amor ou a perda da ilusión polo paso do tempo. Tras numerosos premios e máis de 400 concertos percorrendo a xeografía española e cidades como París ou Berlín, Nena Daconte apartouse da música ata 2022, ano no que regresa cun novo traballo discográfico, *Casi Perfecto*, para reivindicar o seu pasado máis pop-rock da man do selo independente Subterfuge.

### **Raúl**

Estrela indiscutible dos anos 2000, Raúl conta con seis discos no mercado: *Sueño su boca* (2000), *Haciendo trampas* (2001), *As de corazones* (2003), *Ya no es ayer* (2005), *Una vida* (2007) e *Contramarea* (2011), ademais da gravación da banda sonora da película *Spirit, el corcel indomable*. Entre os seus galardóns destacan o Premio da Música ao Artista Revelación, o Premio da Prensa de Viña del Mar de Chile, a nominación finalista do Premio Amigo e o Premio Latino de Oro á súa traxectoria musical. Cun millón oitocentos mil discos vendidos en España e Portugal, os seus álbumes publicáronse, tamén, en México, Porto Rico, Chile, Arxentina, Bolivia, Estados Unidos, Alemaña, Bélxica, Romanía... Raúl conta con máis de 300 concertos realizados, ademais de haber participado nos grandes musicais da nosa televisión. No seu directo no Atlantic Pride este verán non faltarán algúns dos seus grandes éxitos, como *Sueño su boca*, *Baila* ou *Prohibida*.

## **SOBRE O FESTIVAL ATLANTIC PRIDE, O ORGULLO DO NORTE**

O Atlantic Pride nace na Coruña no ano 2019 coa vontade de situar á cidade herculina como a capital do bo ambiente e a celebración sen distincións nin barreiras. Trátase dun festival pioneiro, gratuíto e inclusivo, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. Está impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña, co apoio da Deputación da Coruña e o patrocinio principal de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic.

O proxecto, que trata de aglutinar a todas as capas da sociedade coruñesa dentro dunha contorna segura e amigable, desenvólvese en torno a varios días de concertos e actividades culturais, entre elas, o seu Certame de Literatura LGTBI+, coa fin de atraer ao público local e de fóra, como un referente cultural, turístico e social do noroeste. Na súa pasada edición, en 2023, o Atlantic Pride logrou alcanzar máis de 40.000 espectadores, marca que a cita se propón bater este ano.

## **CONTACTO DE PRENSA**

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

[luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

## **DESCARGA PRESS KIT ATLANTIC PRIDE 2024**

*Cartel, notas de prensa, fotos, audios, vídeos e outros materiais informativos*

<https://www.dropbox.com/scl/fo/r3xyojfbc4wgqe1xxk51q/h?rlkey=ejwtag0cvi5zige0s09vwtfj&dl=0>

## **MÁIS INFORMACIÓN:**

<https://atlanticpride.es/>